

III. OUTRAS DISPOSICIÓN S**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

RESOLUCIÓN do 28 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo da educación infantil (Plurinfantil), para o curso 2022/23.

Co obxecto de estender o programa de plurilingüismo ao segundo ciclo da educación infantil para o curso 2022/23, esta Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional resolve anunciar:

Primeiro. Que na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (www.edu.xunta.gal) estará dispoñible a regulación e convocatoria de incorporación de centros para participar no programa de ensinanzas plurilingües no segundo ciclo da educación infantil (Plurinfantil) para o curso 2022/23.

Segundo. Que o prazo de presentación de solicitudes será ata o 30 de abril de 2022 e a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Que os centros que desexen impartir o programa de Plurinfantil deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación a que se accede na ligazón <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2022

José Luis Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

